Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

LINGUA 3

Tema 12
A pesca co rabo

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta unidade os nosos alumnos traballaran os seguintes contidos:

- Recoñecemento de verbos conxugados e infinitivos.
- Separación de palabras ao final de liña.
- Coñecemento de palabras homónimas.
- Escritura e explicación dun conto.

Solucións das actividades

Antes de ler

– Resposta persoal. Para responder esta pregunta, os alumnos terán que ler o título e mirar con atención as ilustracións que acompañan a narración. Ambos indican que o conto trata dun lobo que intenta pescar co seu rabo mentres un raposo o molesta.

– Resposta persoal. Explicaremos que por arte de pesca enténdense os diferentes métodos que existen para pescar, tal e como o cerco, o arrastre ou a pesca con anzol.

1. Resposta persoal. Os nenos deberían darse de conta de que a actitude do raposo, que engana e se burla do lobo, é inxusta e reprochable.

12 A pesca co rabo

Antes de ler

- **De que pode tratar a lectura?**
- **Que técnicas ou artes de pesca coñeces?**

ripar: quitar pola forza.

arrieiro: persoa que transporta mercadorías en animais de carga.

carambelo: capa de xeo na superficie dun líquido.

A raposa argallara unha das súas. Despois de **riparlle** as troitas ao **arrieiro**, atopouse co lobo, e díxolle:

–Ai, compadre, veño de papar unha fartada de troitas! Case rebento do chea que veño delas!

–E como as pillaches?

–Iso éche o máis doado de todo o traballo. Fun ao río, atei unha cesta á punta do rabo e metina na auga, e cantaruxando: "Troitas á cesta, peixes ao rabo", xa veñen soas ao canastro.

Meu dito, meu feito. Vai o lobo, busca a cesta e bótaa ao río, decidido a coller e papar máis troitas que a raposa.

Xa anoitecía e era por xaneiro. Xeaba coma neve e a auga estaba cada hora máis fría.

Pero el meteuse na auga coa cesta atada ao rabo, e cantaba: "Peixes á cesta, troitas ao rabo". A raposa, sen que a vise o lobo, foi por detrás e botáballe cada pouco no cesto unha pedra.

O peso aumentaba e o lobo non se decataba de que a xeada xa case convertera o río nun enorme **carambelo**.

Cando lle pareceu oportuno, a raposa deu a cara. Foi ao carón do lobo e preguntoulle:

–Que, compadre! Que tal de pesca?

Actividades de reforzo

1. Para traballar a lectura e aclaralas posibles dúbidas sobre termos ou conceptos do texto, exporémoslles as seguintes preguntas aos alumnos:

– *Que significa* argallar*? Que cousas podemos argallar? Que diferenza hai entre* cantar *e* cantaruxar*?*

– *Que significa* decatarse dunha cousa*? Que peixe é a* troita*? Probáchelo? Onde viven as troitas?*

– *Que son os* carambelos*? Como se forman? Onde os podemos atopar? Que significa* rabenado*? Por que o está o lobo?*

Solución: Actividade en grupo.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Interpretar e empregar diferentes tipos de códigos e linguaxes.	Interpretar de que pode tratar unha lectura partindo do seu título e das ilustracións que a acompañan. *Antes de ler.*
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Favorecer a adquisición e reforzamento de léxico a través da lectura de textos e da asimilación dos glosarios que acompañan as lecturas. Lectura.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Participar en actividades colectivas e escolares para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa. Imaxinar ou anticipar desenvolvementos ou conclusións.	Participar nunha conversa sobre o que tratará o argumento dunha lectura. *Antes de ler.* Comentar e opinar sobre a actitude dun personaxe nunha narración. Lectura, Pr. 1.
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas dos outros.	Participar no comentario colectivo ao redor das técnicas ou artes de pesca que se coñezan, partindo do título e ilustracións dunha lectura. *Antes de ler.*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

O lobo tiraba do rabo e parecíalle, polo que pesaban as pedras e máis porque a xeada xa lle prendera o rabo nos carambelos, que tiña o cesto case cheo delas.

–Ai, comadre, como pesa! Case afonda a cesta co que pesan!

Cada vez afundía máis e empezou a pensar en saír da auga. E tiraba, e tiraba, pero non podía. E como el cría que todo o peso eran troitas, aínda dicía:

–Veñan delas, e queden delas! Veñan delas e queden delas!

Cando viu que el só non podía con tanto peso, díxolle á raposa:

–Comadre, vaia por picos e martelos para escachar os carambelos; pero vaia por lonxe dos palleiros que non a sintan os cadelos!

–Que di, compadre, que vaia por un saco de cadelos? Xa vou, xa vou!

–Non, vaia por picos e martelos para romper os carambelos! E vaia por lonxe dos palleiros!

–Que di, compadre, que vaia por onda os palleiros? Xa vou!

A raposa fixo de maneira que alborotou a todos os cadelos.

E a condenada, en vez de ir por lonxe de onde estaba o lobo, **encirrábaos** cara a el. E dicía o lobo:

–Por alá, por alá, con esa xentiña!

E a raposa:

–Que vaia axiña? Xa vou, xa vou!

–Por alá, ho!

E ela:

–Por alá vou!

O caso foi que os cans deron co lobo, e como estaba trabado pola xeada, por moito que tiraba e tiraba, co peso das pedras na cesta non era quen de sacar nada, e acabou rompendo o rabo e deixándoo todo, desde o lombo para atrás, rabenado.

E a raposa, de mala que é, aínda se ría de ver o pobre lobo sen rabo[1].

encirrar: provocar ao can para que ataque.



1 Cres que a raposa actuou ben? Xustifica a túa resposta.

2. Tamén formularemos algunhas cuestións que nos sirvan para avaliar a comprensión que o alumnado acadou do contido da lectura.

- *Que clase de texto é: unha narración, un texto teatral, unha noticia ou un conto?*
- *É normal na vida cotiá que os animais falen? Por que falan aquí?*
- *Como consegue a raposa alborotar todos os cadelos? Que é o que traba o lobo? Quen o persegue?*
- *Por que o lobo cre que está a pescar moito? Como remata a historia? A onde vai a raposa ao final?*

Solución: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. A pesca é moi importante para Galicia. Pedirémoslles aos alumnos que fagan unha pequena investigación sobre as diferentes artes de pesca que se practican na nosa comunidade, como o palangreo, o marisqueo ou o arrastre, e os utensilios que se utilizan en cada unha delas.

Podemos facer carteis explicativos de cada arte de pesca e colgalos na parede da clase.

Solución: Actividade persoal.

Educamos en valores

Os contos

- Aproveitaremos que este tema trata dos contos para falar co alumnado deste tipo de narración.

Podemos iniciar o diálogo formulando as seguintes preguntas:

- *Cres que os contos poden ter ensinanzas?*
- *Algunha vez os teus avós explicáronche contos da súa época?*
- *Que prefires, escoitar contos ou explicalos?*

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/687240

Explicaremos aos nosos alumnos que os contos non teñen por que ser longos para contar unha boa historia ou transmitir unha ensinanza.

Presentarémoslles o xénero dos microcontos, historias mínimas que son capaces de transportarnos a outros mundos. Para iso visitaremos esta páxina web, onde atoparemos varios contos deste tipo.

Leremos uns cantos microcontos e falaremos das ensinanzas que transmiten, as características dos personaxes etc. Ao finalizar, podemos pedirlles aos nenos que escriban o seu propio microconto.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ No apartado de *Ler e comprender*, aprenderemos a definir o carácter dos personaxes dunha narración a través destas actividades:

- Resposta a preguntas sobre o contido da lectura.
- Substitución de palabras por outras que son sinónimas.
- Identificación da paisaxe que corresponde á escena do conto.
- Selección de adxectivos que se lles poderían aplicar aos personaxes do conto.

Na sección de *Gramática*, os nenos traballarán as conxugacións verbais con estas actividades:

- Identificación dos verbos dun texto.
- Escritura e clasificación de infinitivos.

Solucións das actividades

Gramática

1. As respostas ás preguntas son:

– Conseguiunas ripándollas ao arrieiro.

– Dixo que fora a un río, atara unha cesta na punta do seu rabo, metera o rabo na auga e esperara a que se achegasen as troitas.

– Porque estaba chea de pedras e pesaba moito.

– Conseguiu alborotar a todos os cadelos.

– Ao anoitecer e durante o mes de xaneiro.

2. Substituiremos as palabras da seguinte maneira:

– A raposa argallara unha das súas.

– A raposa ripoulle as troitas ao arrieiro.

– Veño de papar unhas troitas.

– Iso éche o máis doado de todo o traballo.

– A raposa acirraba os cans cara ao lobo.

– O lobo tiña o rabo rabenado.

3. A imaxen **c,** porque o conto transcorre unha tarde de xaneiro á noitiña.

Ler e comprender

Aprenderás a definir o carácter dos personaxes dunha narración.

1 Lembra a lectura e responde as preguntas que tes a continuación no teu caderno:

– Como conseguiu realmente a raposa as troitas?
– Como lle contou ao lobo que as conseguira?
– Por que afundía a cesta do lobo no río?
– Que trouxo a raposa cando o lobo lle pediu axuda?
– En que parte do día e en que mes transcorre a acción?



2 Substitúe no teu caderno as palabras salientadas por estoutras da lectura:

- doado
- acirraba
- rabenado
- papar
- ripoulle
- argallara

– A raposa inventara unha das súas.
– A raposa colleulle as troitas ao arrieiro.
– Veño de xantar unhas troitas.
– Iso éche o máis fácil de todo o traballo.
– A raposa empurraba os cans cara ao lobo.
– O lobo tiña o rabo cortado.

3 Observa as distintas paisaxes. Cal podería corresponder ao conto? Xustifícao no teu caderno:

4 Escolle as palabras que definan o carácter do lobo e as que definan o carácter da raposa. Escríbeo no teu caderno:

lobo — raposa

- inxenuo-a
- astuto-a
- mentireiro-a
- larpeiro-a
- mentireiro-a
- ladrón
- inxenuo-a
- comellona
- ladroa
- larpeiro-a
- comellón
- astuto-a

148 Tema 12

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	3	Observar tres debuxos de paisaxes e sinalar cal podería corresponder á narración principal da unidade.
	5	Ler con atención unha listaxe de formas verbais e transformalas ao seu infinitivo.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Desenvolver a habilidade, a velocidade e a comprensión lectora.	Demostrar a comprensión do contido dunha lectura respondendo unha serie de preguntas. Act. 1.
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Substituír unha serie de palabras salientadas nunhas oracións por outras que aparecen nunha lectura. Act. 2. Traballar os adxectivos para definir os caracteres dunha lectura, escollendo os máis axeitados nunha listaxe. Act. 4. Indicar o infinitivo axeitado a unha serie de formas verbais. Act. 5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Gramática

Aprenderás o que é a conxugación verbal.

A conxugación verbal

Le o texto e observa as palabras subliñadas:

Veño de mercar uns libros que nos recomendaron para ler nas vacacións. De todos os que nos dixo a profesora, eu collín *Contos por teléfono* e *A lámpada máxica*. Semellan ser moi divertidos. Os lerei cando vaia ao campamento que organiza o Concello á beira do océano Atlántico, na praia da Lanzada.

Recibín unha carta dos avós que me din que mentres papá e mamá non collan vacacións vaia pasar uns días con eles a Brántega. Irei cando veña do campamento. Despois, en agosto, iremos de viaxe con papá e mamá.

As diferentes formas que teñen os verbos conxúganse. Lembra que cada verbo ten moitas formas que expresan accións xa feitas, que están por facer ou que se farán.

A **conxugación** é o conxunto de todas as formas dun verbo: os tempos, as persoas e os números.

5 Escribe no teu caderno o infinitivo destas formas verbais:

- estudaredes
- rides
- espertou
- correriamos
- apetece
- veremos
- lembrade
- saltades
- cantaba
- cociñaron
- sentín
- viviu

6 Clasifica no teu caderno as seguintes formas verbais co infinitivo correspondente nunha táboa como esta:

- andei
- comerei
- partirá
- andaba
- comían
- comemos
- andaredes
- partían
- andaría
- partiron
- comera
- partimos

comer	andar	partir
...	...	...

4. As palabras que definen a cada personaxe son:

- *Lobo:* inxenuo, larpeiro, comellón.
- *Raposa:* mentireira, ladroa, astuta.

Ortografía

5. Os infinitivos son:

estudaredes → *estudar*
apetece → *apetecer*
cantaba → *cantar*
rides → *rir*
veremos → *ver*
cociñaron → *cociñar*
espertou → *espertar*
lembrade → *lembrar*
sentín → *sentir*
correriamos → *correr*
saltades → *saltar*
viviu → *vivir*

12. A clasificación é:

- *comer:* comían, comerei, comemos, comera.
- *andar:* andei, andaría, andaredes, andaba.
- *partir:* partiron, partirá, partían, partimos.

Actividades de reforzo

1. Pedirémoslles aos alumnos que copien no seu caderno as frases que son verdadeiras:

– Cos verbos expresamos como son as cousas.
– A conxugación dun verbo é o conxunto de todas as súas formas.
– Os verbos expresan accións.

Solución: Os alumnos deben copiar a segunda e a terceira frase.

2. Formularémoslle un xogo ao alumnado para practicar as conxugacións e os infinitivos:

– Apuntaremos no encerado un infinitivo.
– O alumnado, por orde, irá dicindo formas dese verbo conxugadas.
– Tamén podemos xogar apuntando formas conxugadas para que os nenos digan o seu infinitivo.

Solución: Actividade en grupo.

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/687241

Neste link atoparemos o vídeo do conto *O Sapo e o Raposo*. Verémolo todos xuntos e despois farémoslles as seguintes preguntas aos nosos alumnos:

– *Que ensinanza transmite este conto? Que significa "máis vale cabeza que beleza"?*
– *Como describirías os personaxes? É o raposo deste conto tan astuto como o do conto* Pescar co rabo*?*

Libro digital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ No apartado de Gramática seguiremos traballando as conxugacións verbais, para o que realizaremos estas actividades:

- Escritura de verbos conxugados.
- Escritura de distintas formas verbais a partir dun infinitivo.
- Identificación do infinitivo, tempo e conxugación de distintos verbos.

No apartado de *Ortografía,* os nenos completarán un exercicio co que aprenderán a separar palabras ao final de liña.

Solucións das actividades

Gramática

7. Actividade persoal. Suxerimos como exemplo:

1ª conx.: xogar

- *Presente*: xogo, xogas, xoga, xogamos, xogades, xogan.
- *Pasado*: xoguei, xogaches, xogou, xogamos, xogastes, xogaron.
- *Futuro*: xogarei, xogarás, xogará, xogaremos, xogaredes, xogarán.

2ª conx.: saber

- *Presente*: sei, sabes, sabe, sabemos, sabedes, saben.
- *Pasado*: souben, soubeches, soubo, soubemos, soubestes, souberon.
- *Futuro*: saberei, saberás, saberá, saberemos, saberedes, saberán.

3ª conx.: rir

- *Presente*: río, ris, ri, rimos, rides, rin.
- *Pasado*: rin, riches, riu, rimos, ristes, riron.
- *Futuro*: rirei, rirás, rirá, riremos, riredes, rirán.

8. Actividade persoal. Por exemplo:

– *ler:* lestes, lerán, leo, lemos.

– *rematar:* rematas, rematarán, rematou, rematades.

9. Os verbos de cada frase e a súa conxugación son:

– *querían:* querer, pasado, 2ª.

– *perdín:* perder, pasado, 2ª.

Gramática

7 Escolle un verbo de cada conxugación e completa a táboa no teu caderno:

- xogar
- perder
- fritir
- acabar
- saber
- camiñar
- erguer
- querer
- rir
- saltar
- pedir
- prohibir

	presente			pasado			futuro		
	1ª conx.	2ª conx.	3ª conx.	1ª conx.	2ª conx.	3ª conx.	1ª conx.	2ª conx.	3ª conx.
Eu	...	...	...	...	...	...	...	...	...
Ti	...	...	...	...	...	...	...	...	...
El/Ela	...	...	...	...	...	...	...	...	...
Nós	...	...	...	...	...	...	...	...	...
Vós	...	...	...	...	...	...	...	...	...
Eles/Elas	...	...	...	...	...	...	...	...	...

8 Escribe catro formas verbais de cada un dos seguintes infinitivos no teu caderno:

- xantar
- ler
- correr
- abrir
- nadar
- sorrir
- subir
- rematar

9 Copia estas oracións no teu caderno, subliña os verbos e completa a seguinte táboa:

Mañá apañaremos figos.

– Os rapaces querían máis agasallos.

– No patio perdín o reloxo.

– O domingo pasearei polo centro da cidade.

– Xaquín pediu outro conto.

– Onte pillou unha farta de noces.

– A avoa fixo un biscoito para nós.

– Agora saímos ao patio.

forma verbal	infinitivo	tempo	conxugación
apañaremos	apañar	futuro	primeira

150 Tema 12

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	7	Traballar as conxugacións e os tempos verbais completando unha táboa.
Espacial	12	Coñecer a separación de palabras ao final de liña nun texto breve.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua. Aplicar coñecementos adquiridos de maneira práctica para xerar resultados novos.	Completar unha táboa co infinitivo, tempo e conxugación dos verbos que aparecen nunhas oracións. Act. 9. Practicar a separación axeitada de palabras ao final de liña indicando os exemplos incorrectos de palabras separadas. Act. 11.
Conciencia e expresións culturais	Apreciar o libro e a literatura como ferramentas para a reflexión e o coñecemento.	Ler un texto para fixarse na correcta separación de palabras ao final de liña. Ortografía, Lectura. Separar as palabras ao final de liña nunha narración. Act. 12.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Ortografía

Aprenderás a separar palabras ao final de liña.

Separación de palabras ao final de liña

Le o texto de Donatella Ziliotto e fíxate nos finais de liña:

Co seu ruxido monótono a aspiradora mété-
se por debaixo dos mobles e inspecciona to-
dos os currunchos...

Entón, das fendeduras do chan de madeira sa-
ca os seus tesouros: chatolas de cores, confei-
tes do seu último aniversario, dúas minas de lapis...

Cando partimos unha palabra ao final de liña non se poden separar as letras que pertencen a unha mesma sílaba.

Cando se parte unha palabra ponse un **guión** e escribimos na seguinte liña. Observa como se pode separar a palabra *aspiradora*:

as-	aspi-	aspira-	aspirado-
piradora	radora	dora	ra

Fíxate
Non se debe escribir unha vogal soa, nin ao principio nin ao final da liña.

10 Separa no teu caderno, de todas as formas posibles, as seguintes palabras:

- amizade
- fendeduras
- monótono
- currunchos

11 Escribe no teu caderno as palabras que están mal separadas:

orde-	lam-	prof-	algun-	cac-
nador	betada	esora	ha	helo

12 Copia no teu caderno e separa correctamente as palabras:

Martiño púxose a follear o seu álbum de moedas. Levaba moitos anos de numismático e acadara unha colección máis que xeitosa para a súa idade. Tiña moedas de todos os tempos. Moedas gregas, púnicas, romanas, medievais..., mesmo algún exemplar difícil de atopar.

Ramón CARREDANO: *Unha branca de cobre para Martiño*. Vigo, Ed. Xerais, 2007.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/87237

Observaremos este blog onde encontraremos unha famosa canción infantil.

Pedirémoslle ao alumnado que encontre todos os seus verbos e que os clasifique segundo o seu tempo, conxugación, número e persoa.

LIBRO DIGITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– *pasearei*: pasear, futuro, 1ª.
– *pediu*: pedir, pasado, 3ª.
– *pillou*: pillar, pasado, 1ª.
– *fixo*: facer, pasado, 2ª
– *saímos*: saír, presente, 3ª.

Ortografía

10. Separaremos as palabras das seguintes maneiras:

– *amizade:* a-mizade, ami-zade, amiza-de.
– *fendeduras:* fen-deduras, fende-duras, fendedu-ras.
– *monótono:* mo-nótono, monó-tono, monóto-no.
– *currunchos:* cu-rrunchos, currun-chos.

11. As palabras que están mal separadas son (xa corrixidas): *pro-fesora, algu-nha, ca-chelo*.

12. As palabras que con maior probabilidade teremos que separar son: *le-vaba; co-lección; moe-das; roma-nas.*

Actividades de reforzo

1. Ditarémoslles as seguintes frases aos alumnos e pedirémoslles que completen unha táboa similar á do exercicio 9, co infinitivo, o tempo e a conxugación de cada forma verbal.

– *O ano que vén iremos de excursión a Irlanda.*
– *Nos recreos xogamos ao fútbol.*
– *O meu irmán cantaba nun coro cando era pequeno.*
– *Tendemos a roupa dentro porque chovía.*

Solución: *iremos:* ir, futuro, 3ª / *xogamos:* xogar, presente, 1ª / *cantaba:* cantar, pasado, 1ª / *tendemos:* tender, pasado, 2ª.

2. Cada alumno escribirá un pequeno texto de catro liñas sobre un electrodoméstico separando as palabras de final de liña.

Logo intercambiarano co compañeiro máis próximo e correxirano, fixándose nas separacións das palabras.

Solución: Actividade persoal e posta en común por parellas.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ No apartado *Vocabulario* desta dobre páxina aprenderemos o que son as palabras homónimas. Para iso completaremos estas actividades:

- Escritura do significado de palabras homónimas.
- Busca do significado dunhas palabras no dicionario.

Na sección *Escribir*, os nenos aprenderán a escribir un conto a través destos exercicios:

- Redacción dun conto seguindo os pasos que se presentan.
- Resposta a preguntas sobre o conto que elaboramos. Lectura en público do conto.

Solucións das actividades

Vocabulario

13. O significado das palabras en cada oración é:

– *Radio:* Aparato electrónico que serve para escoitar emisoras de música informativos, etc.

– *Radio:* Óso do antebrazo.

– *Andar:* Piso dun edificio.

– *Andar:* Trasladarse dun lugar a outro dando pasos.

– *Bate:* pau de madeira que serve para xogar coa pelota.

– *Bate:* do verbo bater, axitar enerxicamente.

14. Actividade persoal. Dirémoslles aos nosos alumnos que, antes de escribir as oracións, comproben no dicionario o significado de cada palabra.

15. As oracións deben completarse da seguinte maneira:

– Aquel país ten un *vasto* territorio.

– Gañou a partida porque tiña un *basto* e tres copas.

– Alberte é *valón* porque naceu nesa parte de Bélxica.

– O *balón* novo é de cor branca e negra.

Escribir

16. Actividade persoal. Leremos os recuadros de *Lembra* para que

Vocabulario

Aprenderás o que son as palabras homónimas.

Palabras homónimas

Le e fíxate nas palabras salientadas:



O **río** Miño nace na serra de Meira.

Río cando estou coas amigas.

Para saber máis
Ás veces, as palabras homónimas escríbense igual pero outras veces pódense escribir de xeito diferente.

As **palabras homónimas** pronúncianse igual pero teñen significados distintos.

13 Explica o significado das palabras salientadas nestas oracións:

– O avó escoita a radio todas as mañás.
– Fixo unha radiografía do radio.
– Naquel edificio só hai un andar.
– O pai sempre di: "Andar é bo para a saúde".
– Fixo un bate de madeira para xogar coa pelota.
– Non bate ben os ovos para facer a tortilla.

explorador@dixital
Palabras homónimas
www.fiching.com/403100

14 Escribe no teu caderno oracións coas seguintes palabras:

• boas / voas • bela / vela • barro / varro • rabo / ravo • hai / ai • ás / has

Dicionario

15 Busca o significado das palabras e completa as oracións no teu caderno:

basto / vasto balón / valón

– Aquel país ten un … territorio.
– Gañou a partida porque tiña un … e tres copas.
– Alberte é … porque naceu nesa parte de Bélxica.
– O … novo é de cor branca e negra.

152 Tema 12

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	15	Procurar no dicionario o significado de dúas parellas de palabras homónimas e completar oracións con elas
	18	Escoitar un conto tradicional explicado polo avó ou pola avoa e escribilo no ordenador.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Dixital	Interpretar información na Internet para reforzar e ampliar coñecementos. Empregar as ferramentas tecnolóxicas e dixitais con eficacia e habilidade.	Consultar na Internet unha páxina web que reforza información sobre as palabras homónimas. *Explorador dixital.* Escribir no ordenador un conto tradicional que previamente contou o avó ou a avoa. Act. 18.
Aprender a aprender	Analizar os elementos do contexto para enriquecer a comprensión de textos e imaxes.	Comprobar a correcta redacción dun conto seguindo unha serie de indicacións. Act. 17.
Conciencia e expresións culturais	Coñecer textos da tradición popular, oral e da literatura infantil.	Aprender un conto tradicional por parte dos avós e despois escribilo no ordenador. Act. 18.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Escribir

Aprenderás a escribir un conto.

O conto

O **conto** é unha narración dun suceso inventado.

Para que che sexa máis doado escribir un conto, fíxate nos pasos que debes seguir:

- **Cando, a quen e onde ocorreu?** Podes presentar os personaxes do conto. Di o seu nome e descríbeos: trazos físicos e de carácter.
- **Que ocorreu?** Explica o que lle sucede ao personaxe e conta que é o que ocorre na túa historia.
- **Como rematou o conto?** Escribe como acaba o teu conto.

Lembra
Fórmulas para empezar:
Érase que se era…; Había unha vez…; Contan e non paran de contar…; Hai moitísimos anos…

16 Escolle o personaxe e o acontecemento que máis che guste e escribe un conto seguindo os pasos anteriores:

un cacto	quería aprender a voar.
unha culler	quería bailar un valse.
unha avestruz	quería tirarse nun paracaídas.

17 Comproba que non che esqueceu nada contestando estas preguntas:

- Como se titula?
- Empezaches cunha fórmula?
- Quen é o protagonista?
- Que lle ocorre?
- Como acaba a historia?
- Remataches cunha fórmula?

18 Pídelle ao teu avó ou á túa avoa que che conte un conto tradicional e despois escríbeo. Podes facelo no ordenador:

Lembra
Fórmulas para rematar:
E foron felices e comeron perdice; E o conto rematou; cando o volva atopar volvereicho contar; E conto acabado, conto rematado…

os nenos teñan en conta as diferentes formas de empezar e acabar un conto.

17. Actividade persoal. Os alumnos poden intercambiar os seus contos para que un dos seus compañeiros comprobe se seguiron os pasos que se deben seguir.

18. Actividade persoal. Unha vez que os nenos escriban os contos relatados polos seus avós, podémolos ler en clase e comentar as diferenzas entre estes contos antigos e os contos de hoxe en día.

Actividades de reforzo

1. Escribiremos os seguintes pares de definicións no encerado.

Os alumnos terán que descubrir a palabra homónima que se atopa tras elas.

1) Conxunto musical de instrumentos de vento.

   Calquera fita ou tira de certo grosor, máis longa ca ancha.

2) Tarxeta que dá dereito a entrar ou a ocupar un asento nun local, vehículo etc.

   Papel impreso que representa unha cantidade de certa moeda.

3) Recipiente máis alto que longo, xeralmente en forma de cilindro, que se emprega para gardar cousas.

   Embarcación de pequeno tamaño a remo ou a vela.

Solución: 1) Banda. 2) Billete. 3) Bote.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/87273

Observaremos esta imaxe na que o alumnado terá que achar dúas palabras homónimas e escribir unha frase con cada unha delas.

Se lles custa atopalas podémoslles deixar usar o dicionario.

Actividades de ampliación

1. Proporémoslle ao alumnado que escriba un conto onde saian todos os seus compañeiros e a profesora.

Poden escoller un destes temas:

- Viaxe ao espazo.
- A máquina do tempo.
- Convertémonos en animais.

Solución: Actividade persoal e posta en común en grupo.

Libro digital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Na sección *Escoitar e falar* desta dobre páxina os nenos aprenderán a contar un conto mediante as seguintes actividades:

- Representación de personaxes diferentes.
- Invención dun conto.
- Invención dun título para un conto.

No apartado *O trasno das palabras* coñeceremos o Día das Letras Galegas e traballaremos a eficacia lectora.

Escoitar e falar

Aprenderás a contar un conto.

Contar contos

Para **contar contos** é moi importante coñecer os personaxes que aparecen nel. Por iso unha boa entoación é imprescindible para que os oíntes entendan mellor a forma de ser dos personaxes, o seu carácter, e sexan eles tamén partícipes da historia.

Lembra que tes que contar o conto seguindo unha orde, sen mesturar historias, e con claridade.

Podes empregar as fórmulas que aprendiches para comezar e rematar o conto.

19 Imaxina o carácter destes personaxes e pronuncia as oracións de diferente xeito en función do personaxe que representas:

bruxa · fada · rei · lobo · mago · princesa

– Necesito axuda! Non o podo facer todo eu!
– Non sei canto pode durar o feitizo.
– Que podo facer para conseguilo? Vou ter que pensalo moito.

20 **Traballo colaborativo.** Por parellas, inventade un conto no que aparezan os personaxes da actividade anterior. Invertide os papeis e facede que os protagonistas sexan o lobo e a bruxa.

21 Pensade o título dun conto para estes personaxes e outros personaxes que poderías engadir nese conto:

- trasno Lalala
- meiga Redomi
- cabalo Fasolsi
- bosque Dosol

22 Inventa un conto a partir dunha das seguintes ilustracións e cóntallo ao resto da clase:

Solucións das actividades

Escoitar e falar

19. Actividade en grupo. Para facer o exercicio máis interesante, os alumnos poden pronunciar as oracións antes os seus compañeiros sen dicir cal dos personaxes están a representar. O resto do alumnado terá que acertar de que personaxe se trata.

20. Actividade por parellas. Antes de facer o exercicio, pedirémoslles aos alumnos que repasen as instrucións para escribir un conto da páxina 153 e tamén as fórmulas para empezar e acabar unha historia.

21. Actividade persoal e posta en común en grupo.

22. Actividade persoal e posta en común en grupo. Antes de que os alumnos inventen os seus contos, comentaremos entre todos as imaxes para saber cal é a idea principal de cada historia. A imaxe **a** representa un neno que voa coa súa bicicleta. Na imaxe **b**, unha nena cun abrigo vermello fala cun dinosauro.

O trasno das palabras

1. Actividade persoal. Explicarémoslles aos nenos que o Día das Letras Galegas é un día dedicado á lingua e á literatura galegas e comentaremos que se instituíu o 20 de marzo de 1963 e celébrase o 17 de maio. Cada ano está dedicado a un escritor relevante. En 2014, o home-

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Cinético-corporal	19	Traballar como contar un conto expresando de varios xeitos frases segundo unha serie de personaxes.
Interpersoal	20	Inventar por parellas un conto cos personaxes da actividade anterior, invertindo os protagonistas.
Lingüística	O tr..., 2	Practicar a eficacia lectora lendo unha serie de palabras que van crecendo polo número de letras.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Analizar os elementos do contexto para enriquecer a comprensión de textos e imaxes.	Traballar a creatividade inventando un conto por parellas e partindo duns personaxes determinados. Act. 20. Traballar a inventiva creando un conto partindo dunha ilustración e contándollo á clase. Act. 22.
Dixital	Interpretar información na Internet para reforzar e ampliar coñecementos.	Completar os datos nunha ficha do Día das Letras Galegas, procurando información na Internet se é necesario. O tr..., Act. 1.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

O trasno das palabras

1 Completa no teu caderno os datos para o Día das Letras Galegas.
@ Se é necesario, busca a información na Internet:

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 de maio

Este ano está dedicado a:

- Nome: .....
- Apelidos: .....
- Lugar e data de nacemento: .....
- Profesión: .....
- Título dalgunha obra súa: .....

2 **Eficacia lectora.** Le rapidamente as seguintes palabras:

a
ra
ara
rara
raras
arrasa
arrasar
arrasará
arrasaría
arrasarías
arrasariades

a
as
asa
asar
raras
arrasa
arrasar
arrastra
arrastrar
arrastrará
arrastrarás

Lectura recomendada

Francisco DELGADO: *O neno mentirán e o lobo.*
Vigo, Ed. Galaxia, 2000.

Érase un neno moi pillo que lle gustaba tomar o pelo á xente da aldea. Si, facía que os veciños acudisen na súa axuda de balde, cando non os precisaba.

Pero un mal día si que facía falta que acudisen. O neno a berrar e a xente nin caso.

naxeado foi Xosé María Díaz Castro. Os nenos terán que facer unha pequena investigación sobre este autor ou o homenaxeado en 2015.

2. Actividade persoal. Este exercicio pódese facer por parellas. Mentres un alumno le as palabras rapidamente, o outro comprobará que as pronuncia correctamente.

Actividades de reforzo

1. A profesora e cada alumno dirán unha palabra (un obxecto, un personaxe, un sentimento...) e apuntarémolas todas no encerado.

Logo cada neno inventará un conto no que saian todas as palabras. Ao rematar, leremos algúns en voz alta.

Solución: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. Para seguir traballando a eficacia lectora, pedirémoslles aos alumnos que lean este trabalinguas o máis rápido posible.

Podemos organizar un concurso para ver quen o le máis rápido.

Unha pega merga, reborderga,
gorda, rebirigorda,
acotobelada e xorda
cría pegos mergos, rebordergos,
gordos, rebirigordos,
acotobelados e xordos.

Se non criase pegos mergos,
rebordergos,
gordos, rebirigordos,
acotobelados e xordos
non sería unha pega merga,
reborderga,
gorda, rebirigorda,
acotobelada e xorda.

Solución: Actividade en grupo.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/87277

Observaremos con atención este vídeo onde veremos un contacontos actuando nunha escola.

Comentaremos entre todos se nos pareceu divertida a actuación e se nos gustaría traballar como contacontos de maiores.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Na sección *Aprendín* realizaremos unha serie de actividades para repasar os seguintes contidos:

- A conxugación dos verbos.
- A separación das palabras ao final de liña.
- As palabras homónimas.

No apartado *Avalío as miñas competencias* completaremos unha serie de exercicios relacionados co teatro de marionetas.

Solucións das actividades

Aprendín

1. Completamos a táboa do xeito que indicamos:

– *hai:* haber, presente, 2ª.
– *fomos:* ir, pasado, 3ª.
– *visitar*: infinitivo, 1ª.
– *fixemos:* facer, pasado, 2ª.
– *gustou:* gustar, pasado, 1ª.
– *di:* dicir, presente, 3ª.
– *falaremos:* falar, futuro, 1ª.

2. Conxugaremos os verbos así:

Debuxar

Presente: debuxo, debuxas, debuxa, debuxamos, debuxades, debuxan.

Pasado: debuxei, debuxaches, debuxou, debuxamos, debuxastes, debuxaron.

Futuro: debuxarei, debuxarás, debuxará, debuxaremos, debuxaredes, debuxarán.

Esquecer

Presente: esquezo, esqueces, esquece, esquecemos, esquecedes, esquecen.

Pasado: esquecín, esqueciches, esqueceu, esquecemos, esquecestes, esqueceron.

Futuro: esquecerei, esquecerás, esquecerá, esqueceremos, esqueceredes, esquecerán.

Escribir

Presente: escribo, escribes, escribe, escribimos, escribides, escriben.

Pasado: escribín, escribiches, escribiu, escribimos, escribistes, escribiron.

Aprendín

1 Le o seguinte texto, subliña os verbos e clasifícaos onde corresponda:

Hai uns días fomos visitar unha granxa con outras clases da escola. Hoxe fixemos unha redacción explicando o que máis nos gustou da granxa e de todas as actividades que fixemos.

Di Eva, a mestra, que dentro duns días falaremos na clase dos animais de granxa.

forma verbal	infinitivo	tempo	conxugación
...	...	...	...

2 Conxuga os verbos **debuxar**, **esquecer** e **escribir** no teu caderno.

3 Copia no teu caderno as seguintes palabras e risca as que estean separadas incorrectamente:

hospital →	hospi-tal	hos-pital	hospit-al
barcarola →	bar-carola	barcar-ola	barca-rola
nalgunha →	nal-gunha	nalgun-ha	nalgu-nha
chuchamel →	chuc-hamel	chu-chamel	chucha-mel

4 Que significan as seguintes palabras? Escribe oracións con elas no teu caderno:

- ás / as
- ben / vén
- cabo / cavo

Ditado

Mirando o álbum de fotos **vin** o meu primeiro hámster. **Chameille** Quico porque mo **regalou** o padriño, que se **chama** igual.

Coidalo foi moi doado. Só **tiña** que o **ter** ben **alimentado**, **limpiño** e **xogar** moito con el.

O máis divertido era cando se **metía** no túnel. Aínda **hoxe** o **boto** de menos.

156 Tema 12

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	Ditado	Realizar un ditado e autoavaliar os seus resultados.
	Av..., 1	Responder cuestións ao redor dunha ilustración.
Interpersoal	Av..., 3	Inventar entre todos un espectáculo con monicreques.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Aplicar coñecementos adquiridos para xerar resultados novos Valorar o ditado como técnica facilitadora da aprendizaxe. Adoptar pautas na elaboración das propias producións.	Traballar as separacións de palabras e os homónimos. Ap..., 3, 4. Realizar un ditado e avaliar os seus resultados. *Ditado.* Reforzar a procura de información sobre os monicreques . Av…, 1-3.
Conciencia e expresións culturais	Familiarizarse con diferentes manifestacións culturais.	Ampliar coñecementos sobre o mundo dos monicreques. Av..., 3.
Sentido de iniciativa e esp. emprendedor	Adoptar estratexias e recursos que favorezan a creatividade.	Coñecer diversos aspectos ao redor dos monicreques.Av..., Act. 1.
Dixital	Interpretar información na Internet para ampliar información	Indicar o nome dos monicreques dunhas imaxes. Av..., Act. 2.
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa.	Elaborar en grupo un espectáculo con monicreques. Av..., Act. 3.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Avalío as miñas competencias

1 Observa o debuxo e responde as preguntas:

– Que están a ver os nenos?
– Que personaxes aparecen nesta obra?
– Os personaxes son interpretados por persoas?
– Que tipo de bonecos son os personaxes?
– É importante a voz neste espectáculo? Por que?

2 Indaga o nome que se lles dá a estes monicreques. Se o necesitas, consulta na Internet:

3 Sigue os pasos para facer un monicreque. Despois inventade un espectáculo no que aparezan os vosos monicreques:

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/87290

Observaremos esta representación duns monicreques inventados por alumnos. Proporémoslle ao alumnado:

– Inventar un personaxe, debuxalo e describir o seu carácter.

– Contar unha historia onde sexa o protagonista.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Futuro: escribirei, escribirás, escribirá, escribiremos, escribiredes, escribirán.

3. Palabras que están separadas incorrectamente: *hospit-al / barcarola / nalgun-ha / chuc-hamel.*

4. Actividade persoal. O significado das palabras é:

– *ás:* contracción da preposición “a” e do artigo “as”; sinónimo de “ala”.
– *as:* artigo determinado feminino singular, pronome persoal.
– *ben:* correcto.
– *vén:* do verbo ir.
– *cabo*: lingua de terra que penetra no mar.
– *cavo:* do verbo cavar.

Avalío as miñas competencias

1. As respostas son:

– Os nenos ven un espectáculo de títeres.
– Nesta obra aparece un dragón, unha princesa e un mago.
– Son interpretados por títeres.
– Son títeres de guante.
– A voz é moi importante, porque non se pode cambiar a expresión dos personaxes.

2. De esquerda a dereita, o nome destes monicreques é: *títere de vara, títere de dedo, títere de guante*.

3. Actividade persoal. Unha vez que os alumnos constrúan os seus monicreques, podemos inventar e representar unha pequena obra de teatro seguindo o exemplo do vídeo que atoparemos na sección de Tiching.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	WEBS
http://www.tiching.com/87237	http://lapaginadeiris.blogspot.com.es/2009/05/cancion-infantil-en-gallego-o-senor-noe.html
http://www.tiching.com/87273	http://img.desmotivaciones.es/201108/vaca_de_la_baca_75.jpg
http://www.tiching.com/87277	http://www.youtube.com/watch?v=8wHCbJjLclU
http://www.tiching.com/87290	http://www.youtube.com/watch?v=jA4iLV_gQuc
http://www.tiching.com/687240	http://www.oreinodoscontos.com/search/label/microconto
http://www.tiching.com/687241	https://www.youtube.com/watch?v=g9arSG5Peh4

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES